

O PORQUIÑO DA PAZ (Adeus ás armas)

Anxo Moure

☉ León da guerra foi informado de que os animais da Galiza querían ser libres.

-Diso nada-, protestou o monstro das armas, así que axiña decidiu viaxar armado até os dentes ás terras galai-cas para sementar o medo entre a fauna que o habitaba.

☞ Con quen primeiro topou foi coa vaca galega:

-¡Guagghhhh!-, berrou o león ensinando as súas esco-petas, metralletas, mísiles... como dentes afiados,

-¡Muuu!-, falou a vaca, temerosa, fuxindo entre os lameiros. Achou despois o lobo,

-¡Guahghhhh!-, berrou de novo o monstro,

-¡Auhhhh!-, ouveou o lobo agochándose entre os outeiros.

☞ Achegouse no seu camiño o monstro até un poliño de galvota,

-¡Guaghhh!-, berrou,

-¡Pio, pio!-, partiu a ave diminuta voando cara as illas.

☞ No camiñar do monstro por esta terra, os animais galegos foron collendo medo a ser libres diante das armas daquel señor da guerra. Mais cando ía ao remate daquela viaxe polo país, atopou un porquiño emborcándose na lama. Díxo para si o león: -aquí esta o animal máis suxo e noxento desta terra, vai papar un susto que vai tremer como unha vara verde, vaise agochar no fondo da lameira.

-¡Guaghhh!-, berrou o monstro; o porquiño ficou inmóvil, quedo, mirándolle para os ollos e contestando con desinterese:

-¡Grrooo!-, que, na linguaxe porcina, como todos os biólogos e veterinarios coñecen, significa "adeus as armas".

-Pero que pasa aquí, como é que non me ten medo, debe estar un pouco xordo, vou mercar mais armas-, pen-sou indignado o león.

-¡Guaghh!-, berrou de novo a fera, inzada de armas;

-¡grrooo!-, contestou sorrindo e con voz baixa o por-quiño.

-Este non é un porco xordo, é un porco tolo- dixo o león, -así que en vez de gastar os cartos en escolas, en saúde, e coidar os ríos, vou nos gastar todos en armas para asustar este porco endiañado-.

Cargado de odio e morte, achegouse o león onde o porquiño, miroulle fortemente aos ollos, ensinándolle o

terror das armas e das guerras, e berroulle como nunca se escoitara berrar na Galiza:

-¡Guaghhhhhhh!-,

-¡Grrooo!-, contestou case en silencio o porco,

-¡Guagghhh!-, berrou de novo o monstro,

-¡Grrooo!-, contestou aínda máis silandeiro o porco

☞ Cantó máis berraba o león, o porco máis baixo con-testaba e sorría con máis forza até que co silencio e o sorriso do porco, o monstro ficou aterrecido, descubriendo que nos ollos do porco nacía e medraba o sentimento contra o que non valen nin guerras, nin armas, nin odio.

Era aquel o mesmo sentimento que nace nos ollos dos nenos de Iraq, Palestina, Somalia ou Etiopia; era a liberdade.

Decatouse o monstro que contra a liberdade dos nenos e dos pobos de nada valen as guerras, de nada valen as armas.

Ese foi o tempo en que remataron todas e cada unha das guerras, tempo en que só medra a liberdade. Foi tamén o tempo en que naquela lameira xogan dous porcos fozando na terra; un deles é noso porquiño pacifista, e o outro aquel león que agora xa fala coma os porcos -¡grrooo!-, -¡grrooo!-, que como ben sabedes todos vós significa "adeus as armas".

*Aptación sobre un texto orixinal de Paula Carballeira

